Á DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

O Concello de Gondomar, con C.I.F. P3602100-D con domicilio en Praza Doutor Latino Salgueiro, 1 e actuando no seu nome e representación, na súa condición de Alcalde-Presidente D. Juan Francisco Ferreira González, con DNI nº 36099338-X, con domicilio a efectos de notificacións en Barrio As Vendas, nº28 – Vilaza, polo presente comparece ante esa administración e, como mellor proceder en Dereito,

DI

-
- Con data 21 de decembro de 2021 foi publicado no portal web de dita Consellería, a apertura de información pública e polo que se somete a dita revisión o borrador do Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia así como o Documento ambiental estratéxico con código 2464/2021 e expediente 2021AAE2640.

Que, en tempo e forma, polo presente, en contexto do trámite aludido, procédese a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- SOBRE A FALLA DE CONTIDO DO PLAN DE ACCIÓN.

Facendo unha sucinta comparativa entre o *Plan de acción contra la contaminación acústica xerada por las infraestruturas viarias de titularidade autonómica* con Clave GA/15/117.09 aprobado no ano 2018 e o Plan actual que se atopa en exposición pública, a falla de contido en canto á accións concretas, investimentos (o punto número 11 está baleiro,) e medidas

preventivas, correctivas ou mitigadoras é alarmante. Non existen nin mostras de que realizaran actividades de mostraxe en campo nin tampouco revisións puntuais con avaliación de medidas concretas, específicas, cuantificadas e xustificadas. Polo que dá a entender que o presente Plan, é dar cumprimento a un trámite meramente legal. Tendo en conta que nos atopamos xa no 4º ano dende a aprobación do anterior e posiblemente ditas medidas concretas queden sen efecto coa aprobación definitiva do actual plan.

Trátase dun Plan que non amplía o anterior en practicamente ningún aspecto, soamente analiza novos treitos de estradas de titularidade autonómica en base a uns mapas de ruído.

Eses mapas de ruído que son calculados conforme a un software mediante estimacións dunha computadora e un algoritmo. Considérase pois, que os niveis de ruído deben ser medidos a pé de rúa con medicións reais, e no estimados, por máis eficiente e completo que sexa o software que o faga. Despois de dar lectura ao Plan de acción proposto, descoñécese si se executaron medicións de contraste ou non.

- **SEGUNDA.- TEMPORALIZACIÓN E CUANTIFICACIÓN ECONÓMICA**

O Plan de acción no establece os períodos temporais nos que se van a executar as medidas, ni establece o custe que ditas medidas van a supoñer. Como o seu propio nome indica, trátase dun plan de acción polo que debería contemplar alomenos accións reais e tanxibles que se poidan executar técnica e economicamente así como que sexan executables no período de vixencia de dito proxecto.

- **TERCEIRA.-SOBRE AS ACTUACIÓNS CORRECTIVAS PROPOSTAS**

As medidas correctivas establecidas están presentadas en termos xenéricos co que dificultan o seguimento do cumprimento do Plan de Acción e, de feito, baléirano de contido, máis ala de frases grandilocuentes.

As medidas do punto 9.3.3.3., facendo alusión ao receptor e referente ao illamento da fachada: remuda de fiestras; non indica sobre quen recae o sufrago económico de dito cambio. A administración competente na materia debera ser a que sufrague ou subvencione total ou parcialmente de dita remuda, e non xerar así un prexuízo engadido ao receptor, que xa abondo ten con estar sufrindo as consecuencias dos ruídos e vibracións no seu fogar, producidos por un gran eixo viario.

Sobre as medidas propostas na creación de rotondas, etc, como medida mitigadora, non está corroborada tecnicamente a vinculación entre menos velocidade e tráfico sosegado e menor nivel de ruído neste tipo de construcións.

No caso concreto do Concello de Gondomar, non se dá solución a unha problemática como así reflicte o presente Plan de acción, nos lugares polos que transita a AG-57 en Vincios e Vilaza así como a PO-331 ao seu paso pola parroquia de Vincios.

Damos traslado, das inquedanzas que mostra a veciñanza ante a falla de medidas correctoras ou mitigadoras sobre calquera dos focos emisores neste plan, polo que solicitase se inclúan medidas reais e eficaces para estes tramos sinalados, como por exemplo, a instalación de pantallas acústicas para diminuír o efecto sobre a saúde da veciñanza que soporta estes molestos ruídos.

Tamén se bota en falla a proposta de alternativas reais e tanxibles para

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875

evitar ditos ruídos, como pode ser, aliviar o tráfico nas estradas PO-331 ou PO- 340 ao seu paso polo termo municipal de Gondomar, mediante a subvención, rebaixa ou incluso a liberación das peaxes da autoestrada AG-57 mediante a creación dunha gran circunvalación gratuíta.

Solicítase dende esta administración, que o Plan de acción proposto contemple as accións sinaladas no paragrafo anterior ou se definan medidas reais e beneficiosas co fin de aliviar a problemática xerada polo ruído e vibracións á veciñanza de Gondomar.

CUARTA.- SOBRE AS ZONAS DE SERVIDUME ACÚSTICA (ZSA)

En canto a esta medida, indicar que falla información pormenorizada e detallada de ditas zonas, como se deben identificar, cales serian os criterios do seu establecemento nin tampouco se fala das zonas de conflito que fai referencia o plan.

Polo que ditas zonas de servidume, serán creadas pola AXI ou serán os concellos quen deban definilas, se é así deberán ter unha metodoloxía para poder facelo.

QUINTA.- SOBRE A AMPLIACIÓN DOS MAPAS DE RUÍDO E O PLAN DE ACCIÓN

No caso concreto do Concello de Gondomar, analizáronse os mesmos treitos do anterior plan de acción , sen que se contemplaran accións concretas sobre ditas UME, xa no Plan aprobado no 2018 .

Particularmente en dous eixos viarios contemplados neste Plan de acción como son a PO-331 e a AG-57 os treitos analizados detéñense inexplicablemente en lugares concretos sen ningunha xustificación aparente, xa que o eixo viario é o mesmo máis, deixan fóra do estudo a unha poboación afectada de entorno a 300 vivendas nos núcleos de Donas, Borreiros, en Gondomar así como outros nos concellos de Nigrán e Baiona.

Solicítase a ampliación dos estudos realizados sobre o ruído na AG-57 ao

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875

seu paso polas parroquias de Donas e Borreiros, en Gondomar así como estudar a contaminación por ruído en toda a PO-331.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver as mesmas, podendo ser incluídas no Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia , conforme ao exposto no corpo deste escrito.

En Gondomar a 02 de febreiro de 2022

Asdo: O Alcalde

Juan Francisco Ferreira González
(Documento asinado dixitalmente na marxe)

36099338X JUAN FRANCISCO FERREIRA (R: P3602100D)

Firmado digitalmente por 36099338X JUAN FRANCISCO FERREIRA (R: P3602100D)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0388/PUESTO 1/36861/16062021100251, serialNumber=IDCES-36099338X, givenName=JUAN FRANCISCO, sn=FERREIRA GONZALEZ, cn=36099338X JUAN FRANCISCO FERREIRA (R: P3602100D), 2.5.4.97=VATES-P3602100D, o=AYUNTAMIENTO DE GONDOMAR, c=ES
Fecha: 2022.02.02 15:20:23 +01'00'